

AVALIACIÓN

Thumbs Up e Spotlight conciben a avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, cunha función fundamentalmente formativa que garanta un permanente proceso de reflexión sobre dito proceso, posibilitando unha retroacción ou *Feed Back* que permita deseñar e tomar as medidas necesarias para superar as lagoas ou deficiencias detectadas nos diferentes momentos do proceso.

Pero ademais, o modelo de avaliación proposto responde á consideración da avaliación como un proceso continuo (avaliación continua) que permita un diagnóstico permanente do proceso de ensino-aprendizaxe. Dende esta concepción as propias actividades do ensino serven como actividades avaliadoras: o maior ou menor grado de realización da tarefa dará unha indicación do nivel de asimilación dos diferentes contidos, reforzando así o papel formativo da avaliación.

Dende esta concepción da avaliación como aspecto fundamental do proceso ensino-aprendizaxe, *Thumbs Up e Spotlight* plantexanse o proceso avaliador a partires de tres cuestións determinantes a este respecto: qué, cándo e cómo avaliar, establecendo os criterios e os instrumentos de avaliación pertinentes en cada caso.

Dado que o proceso de ensino-aprendizaxe e bidireccional entre o alumnado e o profesorado, por o que ambos están estreitamente ligados e implicados no éxito do aprendizaxe. Dende esta premisa *Thumbs Up e Spotlight* parten da consideración de que non só o alumnado e susceptible de avaliación, senon que tamén o son o profesorado e a súa actividade docente.

Avaliación do alumnado

- ¿Qué avaliar?

As diferentes actividades e apartados de cada unidade proporcionan un instrumento fiable de avaliación continua para poder detectar o ritmo e nivel de aprendizaxe do alumno. En cada nivel atopamos dez tests despois de cada unidade, pero ademais o profesor ten a súa disposición o *Midbook test* e o *End-of-book test* para poder realizar unha avaliación máis formal.

A autoavaliación por parte do alumno adquire unha gran importancia. Dentro de cada unidade atopamos un apartado *Revision*, onde o alumno contrasta o seu proceso de aprendizaxe, posibilitando así unha maior motivación cara a o aprendizaxe.

Outro elemento importante e a coavaliación que propón o traballo por parella ou pequeno grupo, con constantes referencias á corrección compartida entre compañeiros.

- ¿Cándo avaliar? ¿Cómo avaliar?

Anque partimos dunha avaliación continua, a valoración do traballo require que esta avaliación se plasme en tres fases: a avaliación inicial, a avaliación continua e a avaliación final. Un elemento importante que temos que ter en conta e a consideración global de este proceso, e dicir, o profesor debe avaliar o proceso de aprendizaxe no seu conxunto.

Avaliación da actividade docente

Tan importante como avaliar a actuación e nivel de aprendizaxe do alumno e valorar o grao de eficacia do profesor. Así pois, o proxecto plantexa a conveniencia de levar un seguimento continuo do proceso de ensino-aprendizaxe, realizando un *Feedback* explícito e periódico sobre as necesidades e dificultades do alumno, así como a necesidade de organizar toda esta información no *Teacher's diary*.

A modo de síntese, queremos reseñar que *Thumbs Up e Spotlight* conciben a avaliación como un instrumento de motivación no traballo e no aprendizaxe do inglés e, que por tanto contribúe a potenciar o desenrolo xeral do alumno. Así pois, a nosa visión da avaliación e unha visión en positivo considerándoa como un instrumento de medida do proceso de ensino-aprendizaxe, que inclúe preferentemente a valoración de aspectos positivos e o diagnóstico do traballo a realizar en función das capacidades, necesidades e intereses do alumno.

Instrumentos de avaliación

Follas de observación
Exercicios de control
Probas puntuais
Probas a final das unidades
Probas trimestrais
Probas escritas
Probas orais
Cuestionarios
Follas de autoavaliación
Diarios do profesor/a e do alumno/a
Observación do traballo diario de clase
Confección dun diario do alumno
Creación de dicionarios

Alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/o conducta

As adaptacións se centrarán en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora

Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe

- a) Para os mellor dotados, facilitaranse contidos e material de ampliación.
- b) Para os peor dotados, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales. Estas adaptacións serán significativas (suporán eliminación de contidos, obxectivos e os conseguentes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicos ou nucleares).

CUANTIFICACIÓN PORCENTUAL DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Tendo en conta que a lingua estranxeira e unha materia obrigatoria en todos os cursos da E.S.O. e no Bacharelato, os alumnos deben acadar cada curso escolar uns coñecementos mínimos que lles permitan acceder o curso seguinte sen grandes dificultades. Por tanto, inda que as actitudes e os procedementos terán a súa repercusión na cualificación final, non sería realista obter un aprobado na materia sen ter acadado un certo nivel no que se refire os conceptos.
- A avaliación da materia será progresiva, como xa foi mencionado anteriormente no apartado AVALIACIÓN, pero esta progresión deberá ser o mesmo tempo ascendente. Un alumno pode comezar un curso escolar con coñecementos suficientes do nivel anterior, pero debe tamén aumentar eses coñecementos ó longo do curso actual ou, de non ser así, o final de ano non estará en condicións de pasar o curso seguinte.
- Baseándonos no anteriormente exposto, a porcentaxe das notas trimestrais non será idéntica na súa repercusión na nota final. O primeiro trimestre terá una repercusión do 20%, a do segundo trimestre o 30% e a do terceiro o 50%.
- No que atinxe os compoñentes da cualificación; daremos maior valor ós coñecementos da materia (conceptos). 80% , deixando 10% para os procedementos e 10% para as actitudes. Pero entendendo que esta repercusión será sempre tida en conta cando a nota supere o aprobado.
(5)
- Para acadar un cinco na nota final en esta materia o alumno debe superar sempre os conceptos relativos ós obxectivos mínimos específicos de cada curso; o que supón que tamén supera os obxectivos mínimos dos cursos anteriores.
- Os profesores xulgarán todos os aspectos avaliábeis baseándose nas probas escritas (cando menos unha ó trimestre) , nas intervencións do alumno na aula, a súa participación nas actividades propostas, tarefas a realizar na casa, traballos que o alumno leve a cabo con carácter voluntario, e todas cantas notas queden reflectidas nos seus diarios de clase.

- Os alumnos que non superen a materia ó rematar o curso escolar, terán unha proba escrita no mes de setembro. Igualmente deberán demostrar ter adquirido os coñecementos suficientes para superar os obxectivos mínimos de cada nivel.
- Se un alumno no superara a proba de setembro, terá que facer exames trimestrais ó longo de curso seguinte. Aplicaranse os mesmos criterios porcentuais no que atinxe a progresión ascendente das cualificacións das tres probas. De non superar as probas trimestrais os alumnos terán unha última proba global na que se incluírán todos os obxectivos mínimos da materia.
- No que atinxe os alumnos con necesidades especiais, os profesores aplicarán de xeito moito máis flexible todos os criterios de avaliación antes expostos. Darán máis importancia ós procedementos e ás actitudes e tratarán sempre de motivar ós alumnos destacando os seus logros por pequenos que sexan.